

## ANUNCIO

Por orde da Sra. Alcadesa, poño no seu coñecemento que o día 31-07-2018, ditou a resolución con número 442/2018 que deseguido lle notifico:

### “RESOLUCIÓN

### ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVO 3 PRAZAS DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS

EXPEDIENTE: 2018/G003/000453

#### ANTECEDENTES:

De acordo co establecido nas Bases para a contratación laboral temporal por concurso-oposición de **3 PRAZAS DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA** (obra ou servicio determinado) segundo bases aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2018.

Logo de ver a certificación de data 30 de xullo de 2018 da responsable do Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello de Melide en relación coas solicitudes presentadas para participar na convocataria para a contratación laboral temporal por concurso-oposición de **3 PRAZAS DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE MELIDE**, modalidade de contrato de duración determinada (obra ou servicio determinado) do que resulta que dentro do prazo de 5 días naturais a persoa excluída provisionalmente no aportou nova documentación.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a seguinte listaxe de admitidos definitivamente para as probas que darán lugar á devandita contratación

#### ADMITIDOS/A:

	Nome e Apelidos	DNI
1.	Miguel Codesido Gómez	7932_____
2.	Brais Varela Pájaro	7742_____
3.	Cristina Vázquez Casal	4482_____

#### EXCLUIDO DEFINITIVAMENTE:

Nome e apelidos	DNI	Motivo
José Ramón Abeijón Villaverde	7932_____	Non pagar correctamente os dereitos de exame

exp. 2018/G003/000453

**SEGUNDO:** Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención núm. 4/2018 de data 25 de xaneiro de 2018 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestións de persoal, no seu apartado 3 refírese á regulación do tribunal ou comisión seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- **PRESIDENTE/A:** José A Castro Casanova (axente forestal da Xunta de Galicia). Suplente: María Teresa Buján Mosquera (interventora, Concello de Melide).

- **SECRETARIO/A:** Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide); suplente: María Cruz Mosquera Sánchez (administrativa, Concello de Melide)

- **VOGAIS:**

\* Mónica Seijas Rey (AEDL Concello de Toques). Suplente: M<sup>a</sup> Ángela López Vázquez (administrativa, Concello de Melide).

\* M<sup>a</sup> Jesús Sande Vázquez (directora escola infantil municipal). Suplente: Javier Anido Vázquez (Técnico de Xestión Financeira, Concello de Melide).

\* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide); suplente: Xosé Bieito Novo Díaz (tradutor, Concello de Lugo).

Os/as aspirantes deberán presentarse nas dependencias do Concello de Melide en chamamento único o **1 de agosto de 2018 ás 10.00 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ordeno e asino en Melide, martes 31 de xullo de 2018. Asdo: A alcaldesa / Dalia García Couso. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García."

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Melide, martes 31 de xullo de 2018. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.